

BANDO

**MARÍA MONTSERRAT MULET SAR , ALCALDESA-PRESIDENTA
DO CONCELLO DE PARADELA (LUGO).**

INFORMA QUE:

Está aberto o prazo para solicitar praza no **Programa “BENESTAR EN
BALNEARIOS”** dependente da Xunta de Galicia.

REQUISITOS:

- a) Ser maior de 60 anos, ou de 55 reunindo a condición de pensionista do Sistema da Seguridade Social, polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.
- b) Estar empadroado e residir na Comunidade Autónoma de Galicia
- c) Valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria.
- d) Non padecer alteracións do comportamento que poidan afectar a normal convivencia, nin padecer enfermidades transmisibles con risco de contaxio.
- e) Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais.
- f) Acadar puntuación suficiente no baremo de acceso

* Así mesmo, poderán ser beneficiarios das prazas os cónxuxes ou os que acrediten relación análoga a conxugal dos que cumpran os requisitos anteriores, excepto o sinalado na letra a).

* Tamén poderán participar fillos cunha discapacidade igual ou superior ao 33%.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: ata o 17 DE XULLO

QUENDAS:

- A quenda ten unha duración de **10 días con 9 noites** cada unha
- Realizaranse en réxime de **pensión completa** e comprenderá desde as 12.00h do día de chegada ata as 12.00h do día de saída.
- O desenvolvemento das quendas terá lugar durante o período comprendido entre o 17 DE XULLO e o 18 de DECEMBRO do ano 2024.

Para máis información e presentación de solicitudes, poderán dirixirse ao Departamento de Servizos Sociais deste Concello.

Paradela, na data da sinatura electrónica ao marxe.

A ALCALDESA-PRESIDENTA

